



CONCELLOS

BALEIRA

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL DO INVENTARIO MUNICIPAL DE CAMIÑOS DO CONCELLO DE BALEIRA

A Corporación Municipal do Concello de Baleira (Lugo) na sesión plenaria ordinaria do 07 de outubro do 2020, aprobou inicialmente o Inventario Municipal de Camiños do Concello de Baleira .

O expediente sométese ó trámite de información pública durante o prazo de vinte días hábiles, a partir do seguinte ó da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Durante o mencionado prazo poderánse presentar cantas reclamacións, alegacións ou suxestións se consideren oportunas, que serán resoltas pola Corporación Municipal.

De non se presentaren reclamacións, alegacións ou suxestións durante o mencionado prazo o acordo de aprobación inicial do inventario entenderáse definitivamente adoptado considerándose definitivamente aprobado o inventario de camiños sen necesidade de novo acordo expreso.

Baleira, 15 de outubro de 2020.- O Alcalde, Ángel Enrique Martínez-Puga López.

R. 2532

CARBALLEDO

Anuncio

En sesión plenaria celebrada o 24 de setembro de 2020 foi inicialmente aprobado o **PLAN DE ACTUACIÓN MUNICIPAL ANTE O RISCO DE ROTURA DA PRESA DE SAN PEDRO NO CONCELLO DE CARBALLEDO** o que faise público polo prazo de VINTE DÍAS HÁBILES, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno; de tal xeito que o expediente considerárase definitivamente aprobado si durante o citado período non fora presentada reclamación algunha ao mesmo.

Carballedo, 15 de outubro de 2020.- O Alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

R. 2533

Anuncio

En sesión plenaria celebrada o 24 de setembro de 2020 foi inicialmente aprobado o **PLAN DE ACTUACIÓN MUNICIPAL ANTE O RISCO DE ROTURA DA PRESA DE OS PEARES NO CONCELLO DE CARBALLEDO** o que faise público polo prazo de VINTE DÍAS HÁBILES, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno; de tal xeito que o expediente considerárase definitivamente aprobado si durante o citado período non fora presentada reclamación algunha ao mesmo.

Carballedo, 15 de outubro de 2020.- O Alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

R. 2534

CASTROVERDE

Anuncio

A Xunta de Goberno Local na sesión do día 14 de Outubro de 2020 prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de Setembro de 2020, e expónse ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber

que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Castroverde, 16 de outubro de 2020.- O alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 2528

NEGUEIRA DE MUÑIZ

Anuncio

Apertura de prazo para a presentación de solicitudes para Xuíz de Paz titular do Concello de Negueira de Muñiz.

Aquelas persoas interesadas que reúnan as condicións legais establecidas na Lei Orgánica do Poder Xudicial 6/85 de 1 de Xullo, poden presentar solicitude para a provisión de Xuíz de Paz titular.

Á solicitude unirase a documentación seguinte:

- 1 Certificación de nacemento ou fotocopia autenticada do D.N.I
- 2 Certificación expedida polo Rexistro Central de Penados e Rebeldes e declaración complementaria a que fai referencia o artigo 2 da Lei 68/1980.
- 3 Xustificación de méritos que alega o solicitante.

A solicitude e documentación mencionadas deberán ser presentadas nas oficinas municipais durante o prazo de quince días hábiles a partir do seguinte ó da publicación deste edicto no B.O.P.

O que se fai publico para xeral coñecemento e efectos.

Negueira de Muñiz ,15 de outubro de 2020.- .O Alcalde, José Manuel Braña Pereda.

R. 2529

OUTEIRO DE REI

Anuncio

Exposición ao público da conta xeral do Concello de Outeiro de Rei correspondente ao exercicio 2019.

Formulada e rendida a conta xeral do Concello de Outeiro de Rei correspondente ao exercicio 2019 e ditaminada pola Comisión Especial de Contas en sesión de data 15 de outubro de 2020; de conformidade co disposto no artigo 212.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, exponse ao público xunto cos documentos xustificativos durante quince días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales, e oito máis, os interesados poderán presenta-las reclamacións, reparos e observacións que estimen pertinentes.

Outeiro de Rei, 16 de outubro de 2020.- O alcalde, José Pardo Lombao.

R. 2530

PORTOMARÍN

Anuncio

Aprobado o PADRON de:

-Tasa SAF periodo SETEMBRO de 2020.

Se exponen al público, en estas oficinas, por el plazo de quince días hábiles a efectos de examen y reclamaciones.

PERIODO DE COBRO EN VOLUNTARIA:

- Del 12 de OUTUBRO 2020 ao 12 NOVIEMBRE de 2020.

MODALIDADE DE COBRO.-

O ingreso das deudas realizaranse nas oficinas de A Banca – Oficina de Portomarín, nas datas laborables de 9,00 a 14,00 horas, nas que se presentará o documento de ingreso que, a tal efecto se remite a o domicilio dos contribuíntes.

Aquelas persoas que por calqu coastancia non reciban ou extravíen o documento de ingreso poderán solicitar un novo nas oficinas do Concello onde expediráselles outro a efecto de levar a cabo o ingreso en ditas oficinas da A Banca.

RECURSOS.-

Contra o acordo da aprobación poderá formularse recurso de reposición ante a Comisión de Goberno, no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ó finalizar o prazo de exposición ao público, ou ben recurso contencioso- adm. Ante o Xulgado do Contencioso Adm. de Lugo, non podendo interponerse ambos recursos de forma simultanea.

Transcurrido o prazo de ingreso no periodo voluntario, as deudas serán esixidas polo procedemento de apremio e se devengarán os recargos correspondientes ao periodo executivo, os intereses de demora e, no seu caso, as costas do procedemento de apremio.

Portomarín, 09 de outubro de 2020.- O alcalde, Juan Carlos Serrano López.

R. 2531
